

## A Universidade asina dous convenios coa CMVMC de Couso, en Gondomar

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Martes, 01 Marzo 2016 23:13

---



Desenvolvemento de proxectos de investigación; organización de cursos, conferencias, simposios e seminarios; apoio a investigadores e estudantes; colaboración en proxectos culturais de interese común... A Universidade asinou este luns dous convenios de colaboración coa comunidade de montes da parroquia de Couso en Gondomar, un acordo marco xeral que promove a colaboración entre ambas entidades e outro específico para a posta en marcha de diferentes accións de I+D colaborativo no ámbito da sustentabilidade social e ambiental na xestión do monte comunal.

O reitor, Salustiano Mato, e o presidente da CMVMC de Couso, Xosé Antón Araújo, foron os encargados de rubricar o acordo, un acto no que tamén se contou coa participación do profesor da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Xavier Simón Fernández, investigador principal de GIEEA, o grupo de investigación en Economía Ecolóxica e Agroecoloxía, a través do cal se xestionará esta colaboración.

## A Universidade asina dous convenios coa CMVMC de Couso, en Gondomar

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Martes, 01 Marzo 2016 23:13

---

"A comunidade de montes de Couso está levando acabo varios proxectos produtivos (fritos do bosque, shiitake, boletus, castañas, madeira de calidade) e con este convenio queremos aproveitar o coñecemento da Universidade para mellorar o ciclo produtivo de todos estes proxectos e acadar a finalidade que buscamos que, fundamentalmente, é a de crear emprego, sobre todo nesta etapa de crise económica que dificulta o acceso ao mercado laboral", subliñou Araúxo tras o acto de sinatura, quen fixo fincapé en que "para nós esta colaboración supón aproveitar o coñecemento da Universidade para polo ao servizo da sociedade". Mudar abandono por iniciativas innovadoras que xeren riqueza

Se tradicionalmente o monte foi a base do sistema agrario galego, permitindo a subsistencia das comunidades locais, ao subministrar alimentos, madeira, pastos para o gando e estrume para producir a fertilización necesaria para as terras de cultivo; na actualidade a maior parte dos montes están deixando de percibirse como unha fonte de riqueza, ao atopárense en estado de abandono. Así explican na web do GIEEA a situación actual de boa parte dos montes galegos, unha realidade que, tal como lembran, está propiciando a propagación dun dos grandes problemas ambientais e sociais de hoxe en día como é o dos lumes forestais. "Calquera intento de dinamizar o mundo rural ten que ter moi presente que o monte constitúe máis de tres cuartas partes do territorio galego e que unha boa parte dese monte é de propiedade veciñal/comunal", subliñan dende GIEEA, quen salientan a necesidade de apoiar e fomentar iniciativas innovadoras relacionados co monte "que xa comezan a agromar por toda Galicia".

Para o GIEEA esta non será a súa primeira experiencia de colaboración cunha comunidade de montes, pois o grupo conta xa cun convenio similar coa comunidade de montes de Carballo, no concello lugués de Friol. "Con eles temos feito algunhas cousas, a máis importante, coido, é que vimos de preparar a documentación e a proposta para que esta entidade social acceda, en concorrencia competitiva, a unhas interesantes axudas dentro do Plan de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 para a creación dun Grupo Operativo de Innovación, vinculado coa Asociación Europea da Innovación da Agricultura Produtiva e Sustentable, co obxectivo de pór en marcha un proxecto de produción de estelas, con fins enerxéticos, e fertilizantes, con fins de recuperación da fertilidade, a partir de biomasa do monte e dos residuos de podas e coidados dos xardíns urbanos, nunha área que supera ao concello de Friol", explica Xavier Simón, director do grupo.